



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DEPORTIVA NO ÁMBITO RURAL LOCAL

Santiago de Compostela, 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Jose Valentín Calvin Fondevila, alcalde do Concello de Ortigueira en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Constitución española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Así mesmo, o actual contexto de austeridade e control do gasto público en que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.



Neste mesmo sentido, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local conformidade co previsto no Decreto 136/2024 do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Sexto. O Concello de Ortigueira manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para o desenvolvemento de actividades de promoción deportiva no ámbito rural.

O Concello de Ortigueira é a cabeceira da comarca de Ortegal, e dispón de numerosos servizos a prestar a poboación, entre os cales están os sinalados no artigo 25.1.l da Lei 7/1985 de 2 de abril de reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia .

Entre estes servizos destacan una ampla diversidade de actividades deportivas que pretenden unha activación da poboación e un fomento da practica deportiva como un recurso de integración social e de interese publico por parte do Concello.

Preténdese desenvolver unha serie de actividades de promoción deportiva de varias especialidades, todo iso baseado nas necesidades de activación da poboación municipal.

Un dos problemas co que se atopa o Concello de Ortigueira é a falta de posibilidades de promoción de actividades pola distancia dos núcleos de actividade, o que supón que as poboacións rurais teñen dificultades para a promoción deportiva de determinados ámbitos.



Por iso desde o Concello preténdese abordar estas iniciativas para aproximar a promoción deportivas a todas as idades, pero neste ámbito, fundamentalmente as actividades infantís e xuvenís, aínda que non se esquecen as actividades de maiores.

A través das actuacións cuxa subvención se solicita, pretendese dotar de fondos as actividades promovidas polo servizo municipal de deportes, toda vez que na situación actual non se dispón de fondos suficientes para desenvolver ditas iniciativas.

As iniciativas propostas son:

A.- Actividades de promoción do surf e pádel surf:

B.- Actividades de promoción do deporte na rúa e popular.

Neste apartado inclúese o desenvolvemento da carreira popular de Ortigueira e as Olimpíadas rurais de Couzadoiro.

C.- Actividades de promoción do fútbol

D.- Actividades de promoción do voleibol

F.- Actividades de promoción da actividade de maiores en diferentes parroquias.

Sétimo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Ortigueira co fin de que esta entidade local levar a cabo desenvolvemento de actividades de promoción deportiva no ámbito rural.

Oitavo. O Concello de Ortigueira o cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2022 ao Consello de Contas de Galicia.

Noveno. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 35.01.121A.460.0 (Código de proxecto 2015 00111) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ortigueira acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ortigueira para o desenvolvemento de actividades de promoción deportiva no ámbito rural, efectuando as seguintes actuacións:

A.- Actividades de promoción do surf e pádel surf, por importe de 4.700 euros, destinados a contratación de técnicos especializados para a impartición dos mencionados cursos para un total de 36 prazas de menores de idade.



B.- Actividades de promoción do deporte na rúa e popular.

Neste contexto abordase a carreira popular Concello de Ortigueira para o mes de Agosto, e as Olimpíadas Rurais de Couzadoiro no mes de setembro, por importe de 13.500 euros.

No primeiro caso tratase dunha consolidada carreira popular con participación de deportistas de todas as idades, nun circuíto urbano, nun concepto de deporte para todos e de participación popular.

Os Olimpíadas rurais de Couzadoiro son un exemplo de recuperación de actividades tradicionais cun compoñente lúdico e deportivo, onde os participantes desenvolven tarefas de campo a través dunha práctica deportiva tradicional, relacionados coas colleitas, picaraña e actividades tradicionais.

O importe estimado de 13.500 euros corresponde a facturación de servizos profesionais para o desenvolvemento das mencionadas actividades.

C.- Actividades de promoción do fútbol.

Neste contexto durante o verán fanse actividades de deporte de base mediante campus de fútbol e campamentos deportivos que favorezan a práctica deportiva, así como celebración de actividades de promoción do fútbol e do deporte en xeral.

Ademais a atención as escolas de base e de promoción son un dos piares da proxección futura deste deporte.

A estimación de 8.000 euros corresponde a servizos profesionais de todo tipo.

D.- Actividades de promoción do voleibol feminino.

Outro dos piares das actividades deportivas deste ano, o deporte feminino, se expresou dende o Concello para facer unha campaña de fomento do voleibol, como unha forma de atraer a poboación feminina a práctica deportiva, sector sempre pouco participativo na Galicia rural.

Deste xeito se iniciou unha colaboración co Club Aldebarán, e conseguiuase unha participación de máis

de 40 deportistas femininas, de idades entre 10 e 17 anos para a práctica do voleibol e a participación en competicións tipo Xogade e na liga federada.

O custo desta iniciativa alcanza os 11.800 euros, destinados fundamentalmente a servizos profesionais e dotacións complementarias.

F.- Actividades de promoción da actividade de maiores en diferentes parroquias.

Unha das características da poboación rural é o incremento das terceiras idades e ademais, no caso de Ortigueira, a grande dispersión da poboación no máis de 200 núcleos e 22 parroquias do termo municipal.



Por iso é fundamental a atención e a activación de actividade física en diferentes parroquias.

O custo da actividade é de 13.000 destinados fundamentalmente a sufragar gastos de servizos profesionais en diferentes parroquias.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de cincuenta e un mil euros (51.000 €)** IVE incluído, segundo o contido do proxecto que consta na memoria xustificativa

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Ortigueira:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Tramitar o expediente de contratación conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.
 - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicarlle ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 8. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
 9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de cincuenta e un mil euros IVE incluído, (51.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 35.01.121A.460.0 (Código de proxecto 2015 00111) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese o Concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Ortigueira deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a) Facturas tramitadas conforme ao procedemento que rexe para a Administración local.



b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:

- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

c) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:

- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
- Que, segundo informe da persoa secretaria do Concello, na tramitación e contratación, se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

d) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:

- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Copia compulsada da resolución de adxudicación do contrato, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte do concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos exixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.



2. A Secretaría Xeral Técnica poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 13 de decembro de 2024.
4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexta. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, o Concello de Ortigueira poderá subcontratar parcial ou totalmente o investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán estas as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación do contrato, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Sétima. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro), e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga por parte do órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmete, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, no prazo máximo de



sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do Concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao presentar asinado electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

Oitava. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do Concello de Ortigueira ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma exixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión. Para estes efectos, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen partidas, conceptos ou elementos que representen un importe inferior ao 60 % sobre o orzamento inicial ou unha modificación deste debidamente autorizada polo órgano concedente.
 - c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.

Exceptúase aquel suposto en que a redución co custo final da execución do proxecto derive dunha baixa no prezo de adxudicación do contrato.

- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación dos subministros que constitúen o obxecto da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.



Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o Concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

Décimo primeira. Modificación do convenio.

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.
3. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello benefi-



ciario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes, e xuntaralle a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.

Décimo segunda. Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica e dous representantes do Concello.
2. A Comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como persoa secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións



obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.

- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.
2. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo novena. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei





9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Alcalde do Concello de Ortigueira

Diego Calvo Pouso

Jose Valentín Calvin Fondevila

